

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "CONECTADAS 2016"

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 17 de decembro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar as seguintes bases reguladoras do programa "Conectadas 2016":

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "CONECTADAS" 2016

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, quere potenciar a participación e promoción das mulleres e favorecer as relacións interpersoais en igualdade, impulsando accións formativas e incorporando de maneira transversal os principios de igualdade, corresponsabilidade e conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

A igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis democrática, xusta e solidaria. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de calquera discriminación, directa ou indirecta, por razón de sexo en todos os ámbitos da vida, e singularmente nas áreas económicas, sociais, laborais, culturais e educativas.

No artigo 2 da Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establécese que todas as persoas gozarán dos dereitos derivados do principio de igualdade de trato e da prohibición de discriminación por razón de sexo. Os poderes públicos deben adoptar as medidas oportunas para garantir o exercicio efectivo por parte de mulleres e homes en condicións de igualdade.

Cando se fala de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes faise referencia á necesidade de garantir o acceso de todos os membros da sociedade, mulleres e homes, a participar nas distintas esferas e actividades: económica, política, de participación social, de educación, de formación, de emprego, entre outras, sobre as bases da igualdade.

Para que esta igualdade sexa real e efectiva a formación é un instrumento imprescindible. Un dos cambios mais destacados que experimentou a sociedade galega nos últimos anos foi no tocante á situación das mulleres. O seu nivel de formación constitúe un activo importantísimo para si mesmas, para as empresas e para a sociedade no seu conxunto.

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública por parte da Deputación relativa ao programa “Conectadas”, que ten por finalidade mellorar a formación básica das mulleres na comunidade para favorecer as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias, contribuír a mellorar a súa empregabilidade e o seu mantemento no mercado de traballo e reducir a brecha dixital mediante a utilización da información e as novas tecnoloxías.

Segunda. Entidades destinatarias

A Deputación considera necesario favorecer o asociacionismo entre as mulleres xa que, precisamente, son as asociacións, federacións e fundacións que traballan no eido da muller as que teñen por obxecto a súa promoción, as que coas súas actividades poden incidir de forma directa na participación e promoción das mulleres na sociedade pontevedresa.

Este programa irá destinado a asociacións, federacións e fundacións sen ánimo de lucro que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres, que apoiem o seu desenvolvemento e actuación, o empoderamento das mulleres, ao igual que o seu tecido asociativo, e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de mulleres e homes.

Quedarán excluídas desta convocatoria as entidades de maiores, pensionistas ou xubilados, entre outros (independentemente das súas vogalías), xa que existe un programa específico para este colectivo.

As accións formativas estarán abertas a toda a poboación da provincia de Pontevedra, mais as mulleres terán preferencia, reservándose só o 25 % do total das prazas para homes, agás no bloque de contidos “Súmate ao cambio”, no que a participación pode ser mixta, xa que se cubrirán as prazas ao 50 % (en caso de existiren vacantes poderá ampliarse esta porcentaxe).

Terceira. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral ou en calquera das oficinas de rexistro da institución provincial que se detallan na seguinte táboa:

DENOMINACIÓN	ENDEREZO	HORARIO
Rexistro xeral	Pazo provincial Avda. de Montero Ríos, s/n Pontevedra	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h e de 17:30 a 19 h Sábados, de 9 a 13 h
Rexistro da oficina de Vigo	Rúa Oporto, núm. 3	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Pontevedra	Avda. de Marín, núm. 9, baixo	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Arbo	Rúa Luís Cubelas, núm. 2	Mércores, de 9 a 13:30 h

DENOMINACIÓN	ENDEREZO	HORARIO
Rexistro do ORAL en Bueu	Eduardo Vicenti, núm. 8	Luns e xoves, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL en Caldas de Reis	Rúa José Salgado, núm. 19	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Cambados	Rúa Ourense, núm. 8	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Cangas	Rúa Castelao, s/n, edificio do concello	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL na Cañiza	Rúa Progreso, edificio dos xulgados	Martes e xoves, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Covelo	Praza do Mestre Cerviño, núm. 2	Luns, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL na comarca de Deza	Praza de Galicia, núm. 1, edificio Castro Tecnolóxico. Lalín	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL na comarca do Val Miñor	Rúa Damas Apostólicas, núm. 1 Nigrán	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL na Estrada	Avda. Benito Vigo, núm. 47, baixo	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Moaña	Rúa Almansa, núm. 7	De luns a venres, de 8:30 a 14:30 h
Rexistro do ORAL nas Neves	Praza da Cristiandade, núm. 1	Venres, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Pontearreas	Rúa Daniel Ojea, baixo	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Ponte Caldelas	Avda. de Galicia, núm. 17, edificio do concello	Venres, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL no Porriño	Rúa O Pinar, núm. 5	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL no Rosal	Praza do Calvario, núm. 1, edificio do concello	Martes e xoves, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Sanxenxo	Rúa Carlos Casas, núm. 8	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Tomiño	Praza do Seixo, s/n	Primeiro e último mércores de mes, de 9 a 13:30 h
Rexistro do ORAL en Tui	Rúa Coruña, núm. 26	De luns a venres, de 9 a 14 h
Rexistro do ORAL en Vilanova de Arousa	Rúa Cruceiro, 26	De luns a venres, de 9 a 14 h

O prazo de inscrición será de 30 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As solicitudes tamén se poderán presentar a través de calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En caso de que se envíen mediante correo postal (ao Rexistro da Deputación), este deberá ser certificado co selo de Correos no formulario de solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes da orde da convocatoria.

Cuarta. Documentación

As solicitudes formularanse seguindo o modelo que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, no Rexistro da súa sede de Vigo ou na páxina web da institución provincial (www.depo.es).

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Copia do DNI da presidenta/e da entidade
- Copia do CIF da entidade
- Certificado de acreditación do cargo
- Memoria de actividades do ano 2015

Quinta. Condicións do programa

As accións formativas terán unha duración de 35 horas, repartidas entre dúas e tres horas semanais, e a entidade solicitante poderá escoller se estas se realizan no mesmo día ou en días alternos, dependendo das necesidades das persoas participantes. Ademais, poderán incrementarse as horas semanais ata un máximo de 4 horas en caso de se considerar oportuno pola actividade que se vaia desenvolver.

En todas as accións formativas deberá incluírse de forma transversal nos seus contidos o tratamento da igualdade efectiva entre mulleres e homes. Ademais, impartirase un módulo de sensibilización en igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, de cinco horas de duración.

O número máximo de prazas por cada acción formativa virá establecido no catálogo segundo a especialidade e poderá variar entre as 20 e 25. Para levar a cabo calquera acción formativa será necesario reunir un mínimo de 15 persoas.

De non ser así a entidade deberá poñerse en contacto coa persoa técnica responsable do programa desde o organismo provincial e procurar así as opcións existentes antes da anulación do curso.

En caso de que as prazas se queiran ampliar debido á elevada demanda a entidade poderá solicitarlo á Deputación, sempre que as instalacións e o tipo de obradoiro o permitan.

A institución provincial levará a cabo estas accións formativas a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, da coordinación e da avaliación do programa.

Os obradoiros deberán rematar antes do 31 de decembro de 2016.

Sexta. Entidades participantes

Cada entidade poderá escoller unha acción formativa do catálogo ofertado e aceptará as obrigas que correspondan para cada unha delas:

- Características da aula (de non cumprirse deberán escoller outro obradoiro)
- Material do que se debe dispoñer (acondicionamento mínimo)
- Material que debe ter o alumnado (ver catálogo)
- Coñecementos mínimos (ver catálogo)

Na elección da acción formativa deben terse en conta as instalacións con que conta a entidade, os equipamentos de que dispón e as súas características específicas, ademais do material que deberá levar o alumnado, tendo en conta o que recolle o catálogo para cada acción formativa.

Débese utilizar unha aula-obradoiro con espazo suficiente para a realización de actividades prácticas ou tarefas manuais, que estea debidamente acondicionada, con ventilación natural, iluminación suficiente, electricidade e toma de auga. Esta aula deberá estar equipada, ademais, con mobiliario (mesas e cadeiras) para a persoa docente e as persoas participantes no obradoiro.

A entidade solicitante autoriza a Deputación, ao se adherir a este programa, a publicar os datos de contacto e o lugar no que se levará a cabo o obradoiro na páxina web e a incorporar a relación de persoas participantes aos ficheiros informáticos da institución provincial.

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, coa finalidade de conter os datos das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación.

Así mesmo, as entidades participantes autorizan a obtención de imaxes das instalacións onde se levará a cabo a acción formativa escollida, á fin de poder verificar que o local recolle as condicións óptimas para o correcto desenvolvemento do obradoiro.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do obradoiro deberá comunicárselle inmediatamente ó Servizo de Igualdade da institución provincial, para así poder emendalo.

As entidades participantes no programa non poderán esixir ningunha cota ou calquera outra contía maior de 6 euros, estipulada nestas bases, ás persoas que realicen a acción formativa.

En caso de reclamación ou queixa por este motivo, as entidades poden ser penalizadas coa non participación en sucesivas edicións.

Unha vez concedida a acción formativa e establecida a data do seu inicio a entidade solicitante deberá enviar a relación definitiva das persoas participantes á empresa adxudicataria, como mínimo cunha semana de antelación ao día de comezo marcado. Nesta relación figurarán os nomes e apelidos, o número de DNI e mais o teléfono de contacto de cada participante.

Sétima. Obrigas das persoas participantes

As persoas participantes de cada obradoiro deberán aboar a cantidade de 6 euros e serán responsables de levar os materiais esixidos se así fose preciso (ver catálogo). Esta cantidade non se devolverá a non ser que a baixa na acción formativa sexa por causas de forza maior.

O primeiro día a persoa responsable ou representante da empresa adxudicataria será a encargada de recoller o depósito dos cartos das persoas que fixesen a entrega previamente na entidade, así como de requirírllelo ás persoas que por diversos motivos non o realizasen con anterioridade, entregándolles a todas elas o xustificante correspondente.

Unha vez comezado o curso será cada participante quen decida se quere ou non asinar a cesión de dereitos de imaxe, permitindo así a obtención de fotos durante a execución dos obradoiros para a difusión e a promoción do programa.

O alumnado deberá levar o material requirido no catálogo para a acción formativa escollida, polo que é importante, á hora de elixir, ter en conta de qué materiais deben dispoñer.

Unha vez rematada a acción formativa faráselles entrega dun diploma acreditativo de boa execución e das horas de formación recibidas ás persoas participantes que cumprisen os requisitos de asistencia e fixeran entrega do DNI. Esta entrega poderá realizarse ao remate de cada acción ou á finalización do programa. Neste último caso realizarase unha clausura e entrega conxunta dos diplomas ás diferentes entidades participantes.

Para a obtención do diploma non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % de faltas xustificadas.

Oitava. Da empresa adxudicataria

A Deputación levará a cabo as accións formativas a través dunha empresa especializada na materia, responsable da execución, coordinación e avaliación do programa.

A empresa adxudicataria achegará en cada acción formativa o seguinte:

- Persoal docente coa titulación regulamentaria, con experiencia suficiente para a categoría profesional
- Os materiais precisos para a boa execución da actividade (ver catálogo)
- Unha carpeta co programa, folios e un bolígrafo para cada participante
- Os manuais coa parte teórica
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil
- Polo xeral as aulas deberán contar, segundo a acción formativa escollida, con equipos audiovisuais, informáticos ou cociñas completas. En caso de non contar con todo o equipamento mencionado achegarao a empresa adxudicataria, sempre e cando exista a posibilidade de que permaneza instalado na aula durante o tempo que dure a actividade sen risco de que sexa manipulado por persoas alleas

A empresa adxudicataria será a responsable de coordinar coa presidencia da entidade o lugar de impartición da acción formativa do que deberá dispoñer a asociación. Tamén se encargará de solicitar a relación definitiva de persoas participantes e de realizar as comunicacións precisas para informar do día, da hora e do lugar de realización.

Novena. Procedemento de concesión

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Igualdade, e a adxudicación dependerá da Xunta de Goberno.

No caso de que o número de solicitudes exceda o número de accións formativas ofertadas terase en conta o rexistro de entrada das solicitudes debidamente cubertas e tamén que acheguen a documentación esixida no prazo estipulado.

En caso de a solicitude non estar debidamente cuberta ou de que non se achegase a documentación esixida requiriráselle á entidade interesada que, nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se non o fixer, se considerará desistida da súa petición.

Décima. Orzamento

A contía consignada para o programa “Conectadas”, que se regula nesta orde, ascende para o ano 2016 a trescentos vinte e un mil catrocentos trinta e tres (321.433,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 16/250.2315.227.07 do Orzamento ordinario da Deputación, sen prexuízo de que este crédito se amplíe.

A institución provincial establece a convocatoria das accións formativas do programa “Conectadas”, no marco de actividades para mulleres, ofertando inicialmente un total de 267, que poderán incrementarse en base ao prezo definitivo da empresa adxudicataria.

No suposto de que as accións ofertadas nesta convocatoria non quedasen cubertas o organismo provincial poderá abrir unha nova convocatoria.

Décimo primeira. Publicidade

Débese facer constar a organización e a colaboración da Deputación de Pontevedra mediante a inclusión da súa imaxe institucional en toda a publicidade que se elabore, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS).

Para as posibles consultas relacionadas con este tema está dispoñible o seguinte enderezo de correo electrónico comunicación@depo.es.

Décimo segunda. Prazo de vixencia

As bases que regulan este programa terán vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

Décimo terceira. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes
- Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial

Pontevedra, a 5 de xaneiro de 2016.—O Vicepresidente, Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.—
O Secretario, Carlos Cuadrado Romay.